

Caracolas

virgulinha

xa era hora, C.

Ca (I)

coma se as horas
morreran nunha vida
agonizando lentamente
mesurando as agullas do reloxio
para calcetar semanas e meses.

eu, morrendo con elas,
deixo que o vento me invente,
que o teu recordo me mate
e que a túa ausencia roube horas
que logo tardo meses en tecer.

pecho os ollos
en horas nocturnas,
en minutos de medo
e segundos
de morte e volta á vida.

agardo tirada na nada
a que volvas recollerme
nas túas mans de neve
e me devolvas algo do que fun.

-ra- (II)

son a frustración dos meus versos
ao verte lonxe,
alí morrendo.

son a podredume das miñas verbas
ao non ter como chamarte,
como berrarte,

matarte, enterrarte.

son a miña agonía
ao non estar

mos.

-co- (III)

na nosa simbiose obrigada
danzando entre tanto semovente
pegáchesme coa xenreira
do que ve perigar a condición

agochados
entre xente gris
calamos

(calei)
para toda a vida
naquela procesión
de animais sen válvulas cononarias
que quiten o cheiro a podre
do voso sangue estancado.

-las (IV)

eu non quero ser
outra adolescencia da túa sombra
outra vida paralela
outra anatomía devecéndote.

eu non quero seguir agonizando
por cada intre que non podoo ser
unha sombra da túa adolescencia
(perfumada)

